

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 25 de maio de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA, PARA O FINANCIAMENTO DO CORRELINGUA DE FERROLTERRA. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2026004573).
Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Educación, que textualmente di:

“ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol en data 13/2/2024 aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026. O dito acordo foi publicado no BOP da Coruña núm. 39 do 23/2/2024.

No dito plan recollese una liña estratéxica LS 5.2. Subvencións nominativas destinadas a entidades educativas e doutra tipoloxía para a realización de accións educativas complementarias ou extraescolares, que teñan como público destinatario alumnado de centros educativos de Ferrol

O Orzamento Xeral vixente do Concello de Ferrol contén, no anexo de subvencións nominativas (aprobado polo Acordo de Pleno de data 14.01.2026) o convenio coa entidade, polo importe e coa finalidade que a continuación se detalla e que xestionará o Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo, e que se encadra na liña estratéxica LS 5.2 do Plan Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

IMPORTE	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
3.000 €	ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA	G70325683	financiamento do “Correlingua de Ferrolterra 2026”

Con data 4 de febreiro de 2026 a concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística mediante providencia ordenou o inicio do expediente para a concesión da subvención dirixida á entidade anteriormente mencionada do Concello de Ferrol.

Con data 02.04.2026 (RE. 2026021918) a entidade **ASOCIACION CULTURAL CORRELINGUA** con NIF **G70325683**, presentou a solicitude de formalización da citada subvención coa seguinte documentación:

1.- Declaración responsable de:

- I. Ter cumprido con todas as esixencias de xustificación e demais obrigas derivadas de axudas e subvencións concedidas anteriormente por calquera dos órganos do Concello de Ferrol.
- II. Axudas obtidas ou previsión de obtelas no exercicio coa mesma finalidade.
- III. Non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria, de conformidade co artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

IV. Asumir o compromiso, como beneficiaria, de cumprimento das obrigas que en cada momento procedan conforme ao artigo 14 da Lei de Subvencións.

V. Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, do que da consentimento para a súa comprobación, e non é debedora por resolución firme de reintegro de subvencións. Comprométese a manter o cumprimento de ditos requisitos durante o período de tempo inherente ó recoñecemento ou exercicio do dereito ó cobro da subvención.

VI. Comprometerse a cumprir o conxunto das condicións que resultan de aplicación da lexislación de subvencións, económico-orzamentaria, e demais normativa aplicable, as cales coñece na súa integridade; así como a cumprir as condicións que resulten da resolución de outorgamento da subvención nominativa.

2.- Proxecto detallado e calendario previsto da actividade a subvencionar.

3.- Orzamento estimativo de ingresos e gastos da actividade a subvencionar.

4.- Declaración doutras subvencións para o proxecto subvencionado.

5.- Designación de conta bancaria.

6.- Declaración responsable sobre cumprimento da normativa no desenvolvemento de actividades que impliquen contacto con menores.

7.- Declaración responsable igualdade de premios.

A citada entidade cumpre os requisitos esixidos pola normativa estatal e autonómica relativa ás subvencións, e así consta no expediente.

Así, respecto da tramitación do expediente de subvención, establece o artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol, aprobada en Pleno Municipal en sesión realizada o día 15 de outubro de 2019 e publicada no BOP o día 21 de outubro de 2019, prevé, no seu artigo 20, que poderán concederse de forma directa as subvencións a que se refire o artigo 22.2 a) da LXS, e os convenios serán o instrumento habitual para outorgar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais.

O artigo 65 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS regula o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos:

“1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo con a asignación orzamentaria.

b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos”

A aprobación do expediente deberá ir precedida do informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipal.

NORMATIVA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña nº 200, de 21/10/2019) e modificación.

- PLAN ESTRATÉXICO de SUBVENCÍONS do CONCELLO de FERROL 2024-2026 publicado no B.O.P. da provincia da Coruña n.º 39, o 23 de febreiro de 2024
- Instrución 6/2004 do Concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación de data 23 de maio de 2024

COMPETENCIA

As resolucións que se adopten nesta materia son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local e no no acordo da propia Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP n.º 241 de 20/12/2023)

En consecuencia, **proponse á Xunta de Goberno Local adoptar os seguintes acordos:**

Primeiro. Conceder á entidade **ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA** con NIF **G70325683**, a subvención nominativa contemplada no Anexo de subvencións nominativas do vixente Orzamento municipal, destinada a **financiamento do “Correlingua de Ferrolterra 2026”**

Segundo. Aprobar a sinatura do convenio regulador da subvención, segundo a proposta que figura no expediente, entre o Concello de Ferrol e **ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA**, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, co fin de contribuír ao financiamento das actividades citadas no apartado anterior e delegala na concelleira competente por razón da materia.

Terceiro. Autorizar e dispoñer o gasto a favor da entidade **ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA** con NIF **G70325683**, por importe de **(3.000 €)**, gasto imputable á aplicación **05003-3263-48000 RC N° Operación: 226102558 Ref: 1179** do Orzamento Municipal en vigor, que se fará efectiva e se xustificará de conformidade co establecido no convenio a subscribir e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Cuarto. No caso de que a entidade teña algún convenio ou subvención de exercicios pechados pendentes de xustificar, o recoñecemento da obriga quedará condicionado ao peche con conformidade da xustificación.

Quinto.- Subministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Asdo. pola xefa de servizo de Arquivo, Biblioteca, Educación e Xuventude e pola concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística.

ANEXO 1

TEXTO DO CONVENIO QUE SE PROPÓN APROBAR

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA. SUBVENCIÓN NOMINATIVA ORZAMENTO 2026.

Formalizado de forma telemática e considerándose como lugar da sinatura aos efectos oportunos o Concello de Ferrol e como data da sinatura a realizada de forma electrónica no último término

COMPARECEN DE FORMA ELECTRÓNICA:

Dunha parte, dona Patricia María Cons Formoso con DNI ***5899**, concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística do Concello de Ferrol, con CIF P-1503700 – E.

E de outra, don Xosé Anxo Terán Comesaña, con D.N.I. ***9261**, Presidente da Asociación Cultural Correlingua, C.I.F. G-70325683.

Da fe do acto dona Rebeca Vázquez Vázquez, a Oficial Maior como titular do órgano de apoio á XGL. Ambas partes comarecen de forma electrónica identificándose a través da correspondente sinatura electrónica e interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente do Concello de Ferrol e a Asociación Cultural Correlingua en promover o uso da lingua propia de Galicia a través do desenvolvemento de diversas actuacións cos centros de ensino, ambas as dúas partes,

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre o Concello de Ferrol e a Asociación Cultural Correlingua para o financiamento do “Correlingua de Ferrolterra 2026”, tal e como se describe na memoria e no calendario de actividades presentados pola beneficiaria.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os gastos subvencionables serán aqueles que, sen ningunha dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios, se realicen no prazo de execución que se estableza e sexan efectivamente pagados dentro do período de xustificación.

No caso de que o importe dalgún dos gastos subvencionables supere a contía que se estableza na normativa de contratación pública vixente para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dese gasto se acredite que non exista no mercado suficiente número de entidades ou que o gasto se tivese realizado con anterioridade á concesión da subvención.

Só serán subvencionables os gastos correntes que se detallan no orzamento incluído no proxecto admitido polo órgano xestor. Dependendo da natureza do proxecto a desenvolver, estes gastos correntes poderán consistir en:

- a) Gastos de persoal, que incluírán as retribucións salariais e os gastos de Seguridade Social a cargo da beneficiaria.
- b) Subministracións tales como electricidade, combustibles de calefacción e de vehículos, auga, material funxible de oficina, teléfono, internet, produtos de limpeza e desinfección (por exemplo, xel hidroalcohólico e outros similares).
- c) Seguros de responsabilidade civil e/ou de accidentes.
- d) Gastos de reparacións, mantemento e conservación dos bens utilizados.
- e) Gastos de adquisición doutros servizos necesarios para o proxecto, por exemplo, servizos de asesoría contable, laboral e/ou administrativa (incluídos os necesarios para a axeitada tramitación da subvención), servizos de publicidade e comunicación, propaganda, reprografía e organización de reunións e eventos.
- f) Alugamento de locais e/ou de construcións provisionais (por exemplo, casetas), de equipos de imaxe e son, e, en xeral, de equipamentos que sexan estritamente necesarios para o proxecto e só durante o seu período de execución.
- g) Os honorarios de persoas físicas que interveñan como relatoras, conferenciantes, profesores, participantes, árbitros ou monitores nas actuacións do proxecto subvencionado, debendo realizar a beneficiaria as retencións de IRPF que, no seu caso, resulten procedentes.

- h) Os tributos serán gasto subvencionable sempre que a beneficiaria os aboase efectivamente. O IVE será subvencionable cando a beneficiaria o aboase e non o deducise posteriormente
- i) Os gastos financeiros derivados da realización de operacións para o pago dos gastos subvencionables, tales como comisións por transferencias, por emisión de cheques nominativos, por débedas en conta ou similares.
- j) Os custos indirectos poderán imputarse pola beneficiaria na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que correspondan ao período de realización do proxecto, tendo como límite máximo o 5% do importe da subvención. Nese caso, na memoria xustificativa deberá explicarse detalladamente o criterio de imputación e o tipo de gasto ao que se refiren.
- k) Cando no proxecto aprobado se inclúa a organización de certames ou concursos de calquera tipo, probas ou competicións deportivas, os premios que se outorguen aos gañadores serán gasto subvencionable, sempre que sexan acordados ao disposto nas bases que regulen esas convocatorias de certames, concursos, probas e competicións, e se achegue unha acta do xurado do certame ou concurso, ou a acreditación adecuada dos resultados das probas e competicións deportivas.
- l) Calquera outro gasto corrente especificado no orzamento que se inclúa no proxecto admitido e aprobado na resolución de concesión -convenio- e aqueles que polas súas características sexan propios da finalidade da subvención (por exemplo, os de tipo deportivo referentes a desprazamento dos equipos para participar en competicións, gastos de mutualidades, federacións, entre outros), sempre que correspondan á execución do proxecto aprobado. A estes efectos, xunto coa conta xustificativa a presentar coa xustificación da subvención, presentárase unha declaración responsable de que os gastos incluídos na relación que se achegue se afectaron exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores de contas bancarias.
- Os intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos realizados fóra do prazo de execución do proxecto nin aqueles gastos que se paguen unha vez finalizado o prazo de xustificación.
- Os gastos suntuarios (artigos de luxo) nin os derivados de celebracións gastronómicas ou atencións protocolarias salvo que sexan estritamente necesarios e así se relacionen expresamente no proxecto presentado e aprobado polo Concello.
- Indemnizacións por despedimentos.

TERCEIRA.- ACHEGA MUNICIPAL

1. O Concello contribúe ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira cunha achega de 3.000,00 €.
2. No caso de que o gasto xustificativo non acadase o importe concedido, a cantidade que aboará o Concello de Ferrol reducirase proporcionalmente. Agora ben, se a cantidade correctamente xustificada non acadase o 50% do importe concedido, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.
3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á reserva de crédito feita na aplicación orzamentaria 05003 3263 48000 do orzamento 2026.
4. A axuda concedida polo Concello de Ferrol ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta da beneficiaria deste convenio de xeito exclusivo. O anterior entenderase sen prexuízo de que a beneficiaria da subvención poida solicitar a colaboración (valos, colectores, electricidade, ...) daqueles servizos municipais que sexan imprescindibles para a realización da actividade subvencionada sempre e cando a dita colaboración non afecte ao normal funcionamento destes.

5. A subvención do Concello de Ferrol é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do custo da actividade, minorarase a achega municipal no importe excedido.

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. De acordo co artigo 29.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os beneficiarios poderán subcontratar ata unha porcentaxe do 100%, do importe da actividade subvencionada, nos termos fixados no citado artigo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA, nin con calquera na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Se o importe dalgunha das prestacións (subministrados ou servizos) iguala ou supera a contía que se estableza na normativa de contratación pública vixente para o contrato menor, on carácter previo á contratación, o beneficiario deberá solicitar alomenos 3 orzamentos a distintos provedores, salvo as excepcións previstas no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

2. Se a beneficiaria tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto deste Convenio, deberá observar estrictamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.

1. Na publicidade que a beneficiaria faga sobre as actividades obxecto da subvención (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web...), así como no material empregado nas mesmas e adquirido coa subvención, deberá figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Ferrol.

2.No caso de que a beneficiaria reciba subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

3.Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Ferrol.

SEXTA.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- O prazo de execución dos proxectos a subvencionar estará comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do exercicio 2026 (os gastos unicamente serán subvencionables se a data das facturas e documentos xustificativos dos mesmos corresponden a ese exercicio)

2.- O prazo de xustificación con carácter xeral será de 3 meses, e comezará unha vez que finalice o prazo de execución das actividades subvencionadas, ou ben dende a sinatura do convenio, se esta é posterior á finalización de ditas actividades. Establécese como prazo máximo de xustificación, para o caso de actividades que finalicen no mes de decembro, o 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

3.-No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido para tal fin, sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de xustificación establecida neste Convenio. Transcorrido o dito prazo sen que

a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

4.-De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de xustificación establecido no Convenio.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención adxudicada co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención adxudicada co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención adxudicada co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

SÉTIMA.- FORMA XUSTIFICACIÓN

A beneficiaria está obrigada a destinar a subvención municipal á finalidade pactada, así como a proceder á súa devolución total ou parcial no caso de que o proxecto non se leve a efecto, non se execute integramente ou a subvención non se aplique correctamente á finalidade para a que sexa concedida.

A xustificación dos proxectos executados realizarase baixo a modalidade de conta xustificativa, con achega de todos os xustificantes de gasto derivados da realización do proxecto, ou ben de conta xustificativa simplificada.

1) Conta xustificativa xeral

Coa xustificación da subvención achegaranse os documentos obrigatorios seguintes:

- Instancia de presentación da xustificación

- **Memoria de realización** das actuacións ou actividades do proxecto aprobado e **da difusión pública** da subvención outorgada polo Concello de Ferrol para o proxecto executado, nos termos establecidos no convenio regulador.

- **Memoria económica** xustificativa do custo das actuacións ou actividades do proxecto aprobado, que incluirá:

- Relación de todos os gastos realizados na execución do proxecto aprobado, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, concepto, data de emisión e data de pago.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente (por exemplo, nóminas, seguros sociais, pólizas de seguro), incorporados na relación anterior.
- Indicación de como se aplicaron os custos indirectos (no caso de que se imputou ao proxecto algún gasto desta natureza).
- Actas de concesión de premios polos xurados dos certames ou concursos, así como a acreditación axeitada dos gañadores de probas e competicións deportivas.
- Xustificantes acreditativos do pago dos gastos subvencionables, tendo en conta que non se admitirá a realización de pagos en efectivo, para importes iguais ou superiores a 1000 €.
- Declaración responsable de que os gastos incluídos na relación que se aporta afectáronse exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención e do proxecto executado (Anexo II).

2) Conta xustificativa simplificada.- Para subvencións concedidas por **importe inferior a 60.000 euros**, articularase este procedemento de xustificación. A beneficiaria achegará os documentos obrigatorios seguintes:

- **Instancia de presentación da xustificación.**
- Unha **memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, con expresión do calendario e lugar de execución, resultados obtidos, número de persoas destinatarias. Deberá conter ademais:
 - Actividades realizadas
 - N.º e perfil de potenciais persoas destinatarias
 - N.º e perfil das persoas participantes por cada actividade
 - N.º de accións de difusión realizadas con evidencias
 - Datos de persoas participantes por xénero
 - Resultados obtidos
- Unha **relación clasificada dos gastos** da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- **Detalle de outros ingresos ou subvencións** que tiveran financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.
- **Balance xustificativo** dos gastos e ingresos da actividade subvencionada.
- **Declaración responsable** de que os gastos incluídos na relación que se aporta afectáronse exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención e do proxecto executado.
- **Documentación gráfica** acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol establecida na cláusula quinta do Convenio.

O órgano xestor poderá comprobar, no seu caso, a través da remisión de como máximo un 10 % da totalidade dos gastos, os xustificantes que considere oportunos para o que poderá requirirle á beneficiaria a remisión daqueles.

A documentación que se presente deberá ser **orixinal** consonte aos requisitos previstos nos apartados c) e d) do artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

OITAVA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Se se producise unha alteración significativa das condicións tidas en conta na resolución de concesión e a consecuencia diso non puideran desenvolverse as actuacións da forma prevista nos proxectos aprobados, a beneficiaria debe comunicalo ao Concello, por escrito en canto teñan coñecemento, e sempre antes de que finalice o prazo de execución das actuacións.

O órgano xestor valorará a incidencia desa alteración sobre as condicións que se analizaron ao admitir o proxecto e emitirá un informe-proposta ao órgano competente (Xunta de Goberno Local) para que este adopte o acordo de aceptación ou non da modificación proposta.

Admitirase, sen que sexa precisa solicitude de modificación, a compensación de partidas de gastos con outros de distinta natureza previstos no proxecto aprobado, sempre que as variacións/compensacións totais non superen o 10 % do importe total da subvención.

NOVENA- REINTEGRO DAS CANTIDADES CONCEDIDAS

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá supoñer á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se xeren dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos art. 91 e seguintes do R.D. 887/2006.

DECIMA .- CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro realizarase pola Intervención municipal consonte o previsto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA .- AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

A beneficiaria obrígase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización da actividade obxecto do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2026.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente Convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998. de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

DÉCIMO CUARTA.- LINGUA VEHICULAR E USO DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza municipal de normalización lingüística.

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento co Concello redactaranse en lingua galega, así como toda a presenza pública, escrita ou oral, (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo , etc) relativas ao obxecto do contrato ou do convenio.

Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínste do xénero feminino”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento

de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE